

Actividades propostas

Xaneiro EXPLORADORAS EN AMÉRICA

INFANTIL

De 3 a 6 anos

1. Dividimos ao grupo-clase en nenas costureiras e nenos xastres, elas deben traballar nun espazo limitado que chamaremos “casa” e eles noutro máis amplo e cómodo chamado taller de costura ou xastraría. O alumnado, a pesar das distintas condicións laborais, debe:

- Dar cor ás pezas de vestir coa técnica máis axeitada ao alumnado.
- Puntear ou recortar as diferentes pezas.
- Vestir as bonecas recortables asociando cada prenda coa parte do corpo axeitada.

2. Para reflexionar.

Unha vez concluída a tarefa de costureira ou xastre, a profesora reparte só unha moeda para todo o grupo de nenas, mentres que dá unha moeda a cada neno, independentemente do traballo que realizase cada quen. Observar a reacción do alumnado, se xorden críticas por parte das costureiras, actitudes de solidariedade por parte dos xastres e, despois, intervir: Parécenos xusto que os xastres tivesen máis espazo para traballar? E que recibisen máis moedas que as costureiras? Por que pensades que sucedeu? Naquela época, o gremio (asociación de traballadores cun mesmo oficio) dos xastres non quería que as mulleres tivesen os seus propios talleres de costura. Ocorrésevos por que preferían que as mulleres traballasen só nas súas casas?

De 6 a 9 anos

Divídese o texto que aparece no anexo I e II (minúsculas e maiúsculas respectivamente), para facer unha lectura compartida entre o alumnado. A mestra ou mestre relé ou parafrasea a continuación os contidos máis importantes, utilizando como apoio visual as imaxes do PowerPoint: *Ana, a costureira sevillana*.

ANA, A COSTUREIRA SEVILLANA

Hai moitos, moitos anos, unha moza chamada Ana López decidiu marchar de Sevilla, a cidade onde nacera e medrara, e viaxar a América. Cara ao ano 1500, moitos homes e unhas poucas mulleres se atrevían a facer esa longa viaxe desde España cara ao novo continente ao que chamaban “Novo Mundo”. Era unha viaxe moi longa, porque naqueles tempos non había avións, só se podía ir en barco e, como eran barcos de vela, dependían do vento para poder avanzar rápido. Tardaban meses e mesmo anos en atravesar o océano. Ana López foi unha muller moi afofuta. Sobre viviu á longa viaxe e chegou a Puebla de los Angeles, en México. Ali encontrouse con moitas nenas orfas, sen nai e sen pai, sen un lugar onde vivir, así que Ana decidiu buscar unha solución que lles permitise vivir a todas. Ocorréuselle crear un taller de costura para facer roupa e vendela. Pero para poñer en marcha o negocio, precisaba diñeiro. O Vicerrei de México prestoullo, pero tiña que devolverlo cosendo moita



roupa. As nenas traballaban moitas horas para gañar moi pouco. Mentres o gremio dos xastres tentaba pechallas o taller, porque querían que as mulleres se limitasen a traballar no ámbito doméstico.

Que vos parece se axudamos a Ana e ás nenas para facer roupa e que poidan vendela?

De 9 a 12 anos

Actividade.

Ver os vídeos coas ligazóns que se mostran a continuación, extraídos da serie de televisión “El corazón del océano” baseada na novela de Elvira Menéndez sobre a viaxe ao Novo Mundo que fixo Mencía Calderón acompañada por outras 80 mulleres.

- Dona Mencía enfrontase aos piratas: http://www.antena3.com/series/el-corazon-del-océano/dona-mencia-enfrenta-piratas_20140210571bc2fe6584a8abb580bceb.html
- Dona Mencía perde a súa filla pequena pola peste: http://www.antena3.com/series/el-corazon-del-océano/dona-mencia-pierde-hija-peque-na-peste-mar_20140210571bc31e6584a8abb580bd21.html

En que época da historia credes que ten lugar esta viaxe, na actualidade ou hai centos de anos? Para que pensades que ían estas mulleres a América?

De 12 a 15 anos

Lectura compartida (Ver ANEXO)

En grupos de catro a seis alumnos e alumnas, divídese a lectura en tantas partes como compoñentes teña o grupo. Unha alumna ou alumno le a primeira parte, ou a seguinte, na quenda de lectura, debe resumir o parágrafo anterior e ler a parte que lle corresponda e así sucesivamente.

Para reflexionar.

Todo isto ocorreu no ano 1550-1556. Que papel tiñan as mulleres na sociedade española daquela época? Como definirías a personalidade de Mencía Calderón? Que fariades vós se vos propuxeran algo así hoxe en día?

- Extracto das Cartas de Dona Mencía Calderón:

https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/16009/3/ASN_15_02.pdf

De 15 a 18 anos

Lectura compartida (Ver ANEXOS)

Divídese a clase en dous grupos. Un deles lerá o texto que figura ao final do documento como ANEXO A, e o outro lerá o texto do ANEXO B. En cada un dos grupos levarase a cabo unha lectura compartida, dividindo cada texto en tantas partes como compoñentes teña o grupo. Unha alumna ou alumno le a primeira parte, ou a seguinte, antes de exercer a súa quenda de lectura, debe resumir para os seus compañeiros e compañeiras o parágrafo anterior e ler a parte que lle corresponda; así sucesivamente. Unha vez concluída a lectura, o portavoz do grupo que lese o texto do Anexo A, exporá ao resto da clase un resumo sobre o mesmo. A continuación, o outro grupo fará o mesmo sobre o seu propio texto.

Para reflexionar.

Que anacronismos xorden, respecto ao rol feminino, á hora de vulgar el papel desenvolvido por Isabel Barreto na “conquista” del Novo Mundo? E se o valoramos desde o rol masculino imposto pola época, habería diferenzas? Credes que debería aparecer nos libros de historia? Por que?

Febreiro PIRATAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

1ª Actividade.

Construiremos “O recuncho pirata”. Construiremos un barco Pirata de Cartón e dentro meteremos disfraces e xogos para as nenas e nenos.



Posibles actividades do recuncho pirata: <http://laciasedelaprofemarta.blogspot.com.es/2014/02/materiales-proyecto-robots.html?m=1>

Disfrazaránse de piratas e faremos unha foto de cada nena e neno dentro do barco pirata.

2ª Actividade.

Faremos unha búsqueda do tesouro polo corredor de Infantil do colexio. <https://www.alunira.com/organizar-una-busqueda-del-tesoro>.

De 6 a 9 anos

Actividade.

Yincana pirata: Para conseguir o Plano do tesouro as e os piratas deberán superar unha serie de probas. Establécense grupos de 4/6 nenas/os. Con cada proba superada obterán un anaco do plano onde se atopa o tesouro (un baúl con froitas colocado nun lugar do centro educativo que terán que atopar). As probas poden ser exteriores (carreira do ovo na culler, atopar moedas en fariña, coller a mazá na auga...) ou interiores (resolver crebacabezas, problemas...)

De 9 a 12 anos

Actividade.

Construiremos o xogo Pirata

<http://cdn2.momes.net/var/momes/storage/original/application/2dd9d76c9a7d7de08c99326d89a0110a.pdf>

Casiñas especiais do xogo organizacion-demujeres.org

De 12 a 15 anos

Actividade.

Procuraremos vídeos sobre a vida de Mary Read / Anne Bonny <https://www.youtube.com/watch?v=qSRpWlZLM>

E Ching Shih <https://www.youtube.com/watch?v=DRtz0Zf92kM>

Como era a vida destas mulleres en ambientes totalmente masculinos? Como se comportaban para ter a súa aprobación e respecto? Que lles levou a piratería? Credes que todo vale para conseguir o que se quere? Que pensades de que houbo mulleres piratas? Era a única escapatoria



De 15 a 18 anos

Actividade.

Alguís investigadores presupoñen que Anne e Mary eran lesbiana ou bisexuais. Credes que esta circunstancia facilitoulles ou dificultoulles a súa vida? Agora, na nosa sociedade, temos unhas normas sociais adquiridas, pero ao longo de séculos, a represión a todo o que se escapaba das normas establecidas foi enorme, xa fóra por medo ou descoñecemento. Credes que estas mulleres, por vivir en ambientes sen normas sociais ao uso, tiveron máis doado para seren abertamente como sentían?

Credes que as compañeiras LGTBI+ séntense abondo integradas e comprendidas para dicir abertamente a súa orientación ou identidade sexual? Que debemos facer desde o ámbito educativo para que estas persoas non se sentan excluídas? Con todas as respostas faremos unha guía para repartir entre todo o alumnado para que saiban o que é a orientación e identidade sexual e que se respecte a diversidade de persoas que nos rodean.

Persoas Adultas

Actividade.

Escolltaremos a historia de Sida Al Hura. Analizaremos como nunha época onde as mulleres tiñan pouca presenza e pouco poder, esta muller conseguiu ser a gobernadora de Tetuán.

<https://www.youtube.com/watch?v=NlctU9-Lwh4>

Analizaremos a situación das mulleres árabes na actualidade. Como evolucionaron? Que ocorreu para que se atopen na situación actual?

Marzo EXPLORADORAS EN ÁFRICA

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade.

Falamos un pouco sobre as exploradoras, que pensamos que é unha persoa exploradora.

Introducimos tamén o continente africano, vemos o mapa e vemos a que países foron Isabel de Urquiola, May French Sheldon y Mary Mitchell Slessor.

Vemos o conto da *Malaika a princesa*.

<https://www.youtube.com/watch?v=T0uIrBGUKbU>

Despois de falar un pouco sobre o que vimos, facemos un debuxo sobre o conto.

De 6 a 9 anos

Actividade.

Presentamos as mulleres exploradoras, e facemos un *memorygame* coas súas fotos, os seus países de orixe e os seus nomes.

ISABEL DE URQUIOLA	MAY FRENCH SHELTON	MARY MITCHELL SLESSOR
VITORIA	PENSILVANIA	ESCOCIA

De 9 a 12 anos

Actividade.

Realizamos un *lapbook*. En internet podemos descargar varios persoais. E ademais podemos diversificar as seccións tanto como queiramos, por exemplo: mulleres exploradoras, exploradoras en África, países de África aos que eu íria, exploradoras noutros continentes.

Podedes ver ideas nestes blogues:

<https://rosafernandezsalamancaprimaria.blogspot.com.es/2014/01/como-hacer-un-lapbook-paso-paso-tutorial.html>

De 12 a 15 anos

Actividade.

Busca información na web sobre estas tres mulleres (pode ser por grupos, en parellas...) Deixámosvos con algunhas ligazóns de exemplo:

Isabel de Urquiola (Vitoria) acompañou a Manuel Iradier a Guinea, onde viviu dous anos nunha illa sen auga. <https://paty3008.wordpress.com/2012/01/30/isabeldeturquiola/>

May French Sheldon (Estados Unidos). Ela foi socia da Royal Geographical Society, entre as primeiras 15 mulleres que recibiu esta honra, en novembro de 1892. https://es.wikipedia.org/wiki/May_French_Sheldon

Mary Slessor (Escocia). Pacifista absoluta. Non estaba obsesionada con evanxelizarse senón co benestar das persoas nativas. https://en.wikipedia.org/wiki/Mary_Slessor

Unha vez achada a información, realizaremos un mural para dar visibilidade a estas mulleres aventureiras. Se atopades máis nomes, pódense incluír (por exemplo, nun mural mapamundi, e non só en África. Deixámosvos máis recursos: https://en.wikipedia.org/wiki/List_of_female_explorers_and_travelers



De 15 a 18 anos

READING:

Mary Mitchell Slessor

2 December 1848 – 13 January 1915

Mary Slessor was a hard working Scottish mill girl and Sunday school teacher who, inspired by David Livingstone, became a missionary in Calabar, Nigeria, an area known then as “the white man’s grave.” Born in Aberdeen, and raised in the poor slums of Dundee, Mary worked as a weaver and whenever she could, spent time with her books and Bible dreaming of becoming a missionary. At the age of 28, she achieved her ambition and set sail on a five week journey to the continent of Africa.

She went far beyond the role of a conventional missionary. Despite constant danger, Mary lived amongst the tribes, learning and understanding their language and customs. Her bravery and unwavering belief in God’s guidance earned her respect and allowed her to challenge some of their more extreme superstitions and customs.

Perhaps one of Mary’s most remarkable achievements is in relation to twins. It was believed that twins were a bad omen, with one of the twins being cursed by an evil spirit. Unwilling to take any chances, both were killed or abandoned in their mother cast from the community. While influential in the law created to prohibit this, Mary went further still, travelling great distances on foot, through uncertain terrain and unrepentant weather conditions, to protect, house, and sometimes even adopt the children as her own.

When Nigeria became a British Protectorate, Mary was the first female magistrate in the British Empire and a skilful, though somewhat unorthodox, diplomatic emissary. She devoted her life to her work in Calabar and despite increasingly frequent and serious illness, within an already hostile environment, was protected and guided by her own motto, “God plus one is a majority”.

Respected and loved by all the tribes she encountered, Mary became known as “Eka Kpukpro Owo” or “Mother of all the Peoples. The legacy and respect still lives on today, where her name is held in high regard.

Source: 2015 Mary Slessor - Centenary Programme of Events

- Where was she from?
- What did she do for a living?
- How long was she sailing for?
- Why did she focus on working with twins?

PERSOAS ADULTAS

Actividade.

Read the following article:

<https://www.telegraph.co.uk/travel/activity-and-adventure/female-explorers-who-changed-the-world-forever/>

After a little discussion around why is so important to give visibility to women in history, choose one of the women in the article and give a Little presentation to the rest of the class.



Mary Slessor con cos seus fillos adoptados Jean, Alice, Maggie y May. Foto de dominio público.

Abril EXIPTÓLOGAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade: Somos exiptólogos.

Exposición breve sobre donde é o antigo Exipto, podemos apoiálo nalgún video ou PowerPoint (<http://cossioinfantiltrecursos.blogspot.com.es/2011/10/egipto.html>, <http://egiptologia.com/category/egipto-para-ninos/>)

Despois, o noso alumnado vaise converter en Exiptólogas e Exiptólogos, é dicir estudosas do Antigo Exipto como Margaret Murray, que foi a primeira muller exiptóloga, especializándose en escritura xeroglífica na Oxford University.

Ou Zulema Barahona cunha tese doutoral adicada ao estudo da cerámica en Medamud. Facer algunha cunca ou simplemente un taboíno de axila branca, ou mesmo con plastilina, que se poderán facer inscricións exipcias a partir dun modelo de alfabeto exipcio. Por exemplo tentando poñer as iniciais do seu nome, etc.

De 6 a 9 anos

Actividade: Hatshepsut, a faraona que non deberíamos esquecer.

Unha das máis importantes faraonas, que a pesar de ser muller reinou no Antigo Exipto.

https://www.youtube.com/watch?v=8bYRy_vZEJI
<https://www.youtube.com/watch?v=Qjbo2VWHmNM>

De 9 a 12 anos

Actividade. Exiptología?

Zulema Barahona é unha científica española que estuda a cerámica do Antigo Exipto. Ela busca as pezas, estúdaas e así consegue coñecer un pouco mellor os costumes do pobo exipcio.

En moitas das cerámicas, atopa frases escritas en escritura xeroglífica. Coñeces este xeito de escribir? Procura información sobre que son os xeroglíficos.

Na seguinte ligazón atoparás unha táboa de xeroglíficos. Serías quen de escribir o teu nome en xeroglífico?

<http://egiptologia.com/taller-de-jeroglificos-egipcios/>

De 12 a 15 anos

Actividades.

Confecciona un mapa e sinala todos os lugares nos que viviu e escavou Margaret Alice Murray a partir da información que poidas atopar na súa biografía. Completa cun eixo cronolóxico da súa vida persoal e de estudo.

https://es.wikipedia.org/wiki/Margaret_Murray

Estas actividades están resumidas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org

dunha vida miserable que lles esperaba ás mulleres? Credes que era posible outra forma de romper as normas sociais que invisibilizaban ás mulleres?

Localizar nun mapa do mundo os lugares onde naceron e onde desenvolveron a súa actividade pirata as mulleres do calendario. Investigar por que nesas zonas había piratería, que buscaban e que tipo de barcos atacaban.

Investigar como era a sociedade nesta época e que papel xogaban as mulleres para que estas mulleres libres e independentes se adicasen a piratería.

<http://lallavesombra.blogspot.com.es/2016/02/anne-bonny-verdad-y-leyenda-de-la-mujer.html>



De 15 a 18 anos

Actividade.

Alguís investigadores presupoñen que Anne e Mary eran lesbiana ou bisexuais. Credes que esta circunstancia facilitoulles ou dificultoulles a súa vida? Agora, na nosa sociedade, temos unhas normas sociais adquiridas, pero ao longo de séculos, a represión a todo o que se escapaba das normas establecidas foi enorme, xa fóra por medo ou descoñecemento. Credes que estas mulleres, por vivir en ambientes sen normas sociais ao uso, tiveron máis doado para seren abertamente como sentían?

Credes que as compañeiras LGTBI+ séntense abondo integradas e comprendidas para dicir abertamente a súa orientación ou identidade sexual? Que debemos facer desde o ámbito educativo para que estas persoas non se sentan excluídas? Con todas as respostas faremos unha guía para repartir entre todo o alumnado para que saiban o que é a orientación e identidade sexual e que se respecte a diversidade de persoas que nos rodean.

Persoas Adultas

Actividade.

Escolltaremos a historia de Sida Al Hura. Analizaremos como nunha época onde as mulleres tiñan pouca presenza e pouco poder, esta muller conseguiu ser a gobernadora de Tetuán.

<https://www.youtube.com/watch?v=NlctU9-Lwh4>

Analizaremos a situación das mulleres árabes na actualidade. Como evolucionaron? Que ocorreu para que se atopen na situación actual?

Actividades propostas

Maio EXPLORADORAS MARIÑAS

EDUCACIÓN INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade.

Visitaremos un acuario para descubrir especies mariñas que non son habituais da nosa contorna. Faremos un *lapbook* con todo o aprendido no acuario.

De 6 a 9 anos

Actividade.

Quen son as persoas que se adican á oceanografía? En que consiste o seu traballo? No calendario saen tres mulleres oceanógrafas, imos saber un pouco máis delas. Investigaremos na Internet sobre estas mulleres e farán unha pequena presentación de cada unha delas.

Penélope Vaquero García (Palencia). Arqueóloga subacuática.

Cindy Lee Van Dover (Estados Unidos). É a profesora de Oceanografía Biolóxica de Harvey Smith e presidenta da División de Ciencias Mariñas e Conservación da Universidade de Duke.

Petra Deimer-Schütte (Alemania). Bióloga mariña.

De 9 a 12 anos

Actividade.

A oceanografía é unha Ciencia que estuda as augas, os fondos dos mares e os océanos, desde o punto de vista físico, químico e biolóxico, así como a súa fauna e a súa flora. O mes de maio do calendario fai referencia a tres mulleres que se adican a esta ciencia. Investigarán sobre estas tres mulleres e buscarán información sobre máis mulleres que se dediquen a esta disciplina nas súas diversas ramas. Farán un pequeno libro sobre estas mulleres e a disciplina na que desenvolve o seu traballo.

De 12 a 15 anos

Actividade: Visionado do vídeo "A illa do lixo"

<https://www.youtube.com/watch?v=uSeqX31qMg>

Unha vez visionado o vídeo, o alumnado, por grupos investigará sobre: as correntes que xeraron esta illa, sobre o océano onde se atopa, sobre o tipo de refugallo que a compoñen, solucións, análises das propostas que saen no vídeo, como afecta

á biodiversidade mariña. Cada grupo fará unha das propostas e posteriormente poñeranse en común. Elaboraránse cartaces para colocar polo centro explicando como afecta o comportamento da raza humana na contaminación e como poden axudar na solución.

De 15 a 18 anos e PERSOAS ADULTAS

Actividade.

O mes de agosto vén cun texto de Alicia Sobrino (oceanógrafa) que dá un toque de atención sobre o estado dos mares:

"Estivemos toda a vida entendendo os mares como un pozo sen fondo, un lugar que criamos de recurso inesgotable sen considerar as consecuencias. Non soubemos interpretar aqueles relatos dos nosos avós, nos que falaban dun mar infestado de peixes que agora está baleiro. Os océanos amosan xa as consecuencias desa mentalidade."

"Polo quecemento dos océanos, ámbitos como o pesqueiro ou o turístico vese afectados cada vez máis polo aumento de especies invasoras procedentes de climas subtropicais que rompen o equilibrio do ecosistema, así como a redución dos stocks de especies comerciais e a destrución do hábitat de especies vitais para soste esa biodiversidade. Así mesmo o aumento do nivel do mar supón un risco directo para moitas poboacións que xa se viñon na obriga de dispoñer de sistemas de contención."

"Perda de biodiversidade, alteracións nas correntes oceánicas, cambios na climatoloxía, redución de recursos pesqueiros, perda de motores económicos e a diminución de ingresos en sectores como os turísticos son tan só algunhas das consecuencias da non conservación dos océanos."

Alicia Sobrino

Analizaremos este texto, buscaremos solucións para evitar o deterioro dos mares e océanos.

Estas actividades están resumidas.
Actividades completas e anexos en
organizandemu.jeres.org



Xullo EXPLORADORAS NOS POLOS

As actividades de xullo que propoñemos son para que se poidan facer durante as vacacións e poidan ser propostas por calquera persoa adulta da familia. Son máis entreteidas e permiten a posibilidade de facelas en solitario.

INFANTIL

De 3 a 6 ANOS

Actividade.

Ver o vídeo de **Superlola** e tentar aprender a canción aínda que sexan os coros. <https://www.youtube.com/watch?v=jwNhy1Dfuy8>

Podemos tentar facer unha coreografía coa nosa filla ou fillo. Algo sinxelo servirá.

Podemos popoñerlles que fagan un debuxo de Superlola o de Jade Hameister atravesando as zonas xeadas turrando da súa carga.

De 6 a 9 anos

Actividade.

Ler coa nosa pequena ou pequeno "Cuando las niñas vuelan alto" de Raquel Díaz Reguera. A lectura será comprensiva. Posíbeles preguntas a realizar:

- Con cal dos personaxes se identifican máis? Tanto fisicamente como no carácter.
- Falaremos coa nosa filla ou fillo de cales son as mensaxes que reciben da nosa parte, se son máis do estilo do Sr. SIQUIERESPUEDOS ou máis do estilo de DON NOLOCONSEGUIRÁS?
- Identificaremos, sobre todo coas nenas, as mensaxes que reciben de parte da señora BELLEZAEXTERIOR.
- Se hai algunha parte do seu corpo que cren que lles impedirá facer calquera cousa que lles guste. Así identificaremos as pedriñas que esta señora mete nos nosos zapatos e que nos impide camiñar a gusto.
- Faremos o mesmo co Sr. REFLEXOS (a tele, os anuncios, as amigas e amigos ou outras persoas pónennos espellos diante que nos impiden ver como somos en realidade).
- A señor DESIGUALDAD e a señor-ITA tamén comoden pedriñas nos nosos zapatos. Preguntáremosles cales son as diferenzas que cren que hai entre nenas e nenos e tentaremos aos poucos desmontalas. No libro aparecen as das nenas, pero tamén podemos falar das dos nenos "os nenos non choran", "os nenos son fortes", "os nenos non falan cando hai un problema senón que senon que pelexan".
- Como podemos desfacer nosas pedriñas que nos colocan?

De 9 a 12 anos

Actividade.

Investigar quen é Jade Hameister e cales son as súas fazañas. Hai varios vídeos curtos en Youtube. Lembramos que

se poden ver en inglés, ou subtítulo en inglés ou en español dependendo do nivel de comprensión do idioma da nosa filla ou fillo. (Pódese cambiar en configuración). Preguntáremosles cales foron as fazañas de Jade, onde están os lugares que visitou ao longo da súa vida. Agora a ela ou el preguntáremosles que cousa valente lles gustaría realizar na súa vida. Trátase de valorar a experiencia da nosa pequena exploradora e coñecer un pouco máis á nosa filla ou fillo.



De 12 a 15 anos

Actividade.

Investiga quen foron as nosas protagonistas do mes xullo Chus lago, Jade Hemister e Caroline Mikkelsen. Lugares que visitaron, épocas, dificultades que pasaron. Investiga tamén sobre quen é Ingrid Christensen. Dámosche unhas páxinas pero podes buscar máis.

<https://tribunafeminista.elplural.com/2018/02/caroline-mikkelsen-la-primera-mujer-en-la-antartida/>

<https://www.youtube.com/watch?v=9CoynbGc5GY>

<http://www.desnivel.com/expediciones/chus-lago-sola-ante-el-hielo>

Realiza unha ppt, ou un prezi sobre estas catro mulleres resaltando as súas dificultades, os seus logros e as cousas positivas que achegaron á nosa Historia de mulleres.

De 15 a 18 anos e PERSOAS ADULTAS

https://www.youtube.com/watch?v=yq8FmA3i-fg

Ver o vídeo sobre Chus lago e contestar a estas preguntas.

- Por que busca a outras mulleres?
- Que quere demostrar?
- Que diferentes liderados exercen os homes e as mulleres segundo Chus Lago?
- Investiga onde está Baffin e quen son os Inuits.
- Por que di que o xeo vai desaparecer?
- Cales son os aspectos do cambio climático que observou?
- Cales son as situacións difíciles das que fala?
- Cales son as cualidades que hai que ter para salvarlas?
- Fala un pouco de cales son as fortalezas de Chus Lago.



Xuño ANTROPÓLOGAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade. Puzzles.

Esta actividade pódese facer online coa aplicación <https://www.jigsawplanet.com>, subindo as imaxes das tres antropólogas e facendo con elas crebacabezas de diferente dificultade, co tipo de pezas e o seu número.

Ou se se prefire, pódese facer de xeito manual, pegando as imaxes nunha cartolina para darlle máis consistencia e dividíndoa en diferentes anacos para crear con elas un crebacabezas da dificultade que se desexe.

De 6 a 9 anos

Actividade.

Móstranse imaxes de diferentes momentos da evolución humana e pedimos que imaxinen como sería a comunicación escrita e as súas expresións gráficas en cada caso. Mostramos exemplos de comunicación (pinturas rupestres, gravados, cartas, morse, sinais de fume, pombas mensaxeiras, tambores, e-mails, sms...) e pedimos que as relacionen coas imaxes anteriores.



Jacquetta Hawkes

Foto de autoría descoñecida. Special Collections Librarian at the University of Bradford

De 9 a 12 anos

Actividade. Quen hai agochada?

- 1.- Divídese a clase en pequenos grupos de 3 o 4 alumnos/as. Cada grupo encargárase de facer unha frase que comece polas letras indicadas (P, E, G, G, Y, R, E, E, V, E, S, S, A, N, D, A, Y). Esta frase debe facer referencia á biografía da muller que acabamos de coñecer. Mans á obra!
- 2.- Agora todos e todas buscamos no dicionario a palabra "acróstico" e copíamolo no noso caderno.
- 3.- Agora imos volver ás nosas frases, e imos ir colocando a primeira letra de cada frase e... Quen apareceu?



Carmen Arnau

Foto do seu perfil en verkami.com

De 12 a 15 anos

Actividade. Siberia nos Montes de Toledo.

- Antes do visionado, contesta ás seguintes preguntas:
Carmen Arnau Muro é especialista en pobos indíxenas siberianos...
Que significa "indíxena"? ¿Onde está Siberia?
- Tras o visionado do vídeo de Carmen Arnau Muro, responde ás seguintes preguntas:
 - Onde se ubica o etnomuseo dos pobos indíxenas de Siberia?
 - Por que é un lugar axeitado para a súa ubicación?
 - En cantas zonas se divide o museo?
 - Que é o que máis lle chamou a atención á antropóloga da súas diferentes expedicións a Siberia?
 - Como se chama a casa máis sinxela dos indíxenas siberianos? Cantas casas deste tipo constitúen un campamento?
 - Como é un balagán?
 - Cal é a técnica habitacional que aprenderon dos rusos?
 - No museo fanse outro tipo de actividades, Cal é a que se realiza en primeira?

- Carmen presenta outro museo sito nunha vila de Toledo, Cal? Como se chama este museo? Que alberga no seu interior? Ligazón do vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=iH4oyjJeY48>

De 15 a 18 anos

Estudo sobre a adolescencia. Margaret Mead.

Actividade.

Imos descubrir o labor dunha das antropólogas pioneiras, Margaret Mead e un dos seus estudos no que comparaba a adolescencia de EEUU e a de Samoa en de antes da II Guerra Mundial.

Le a biografía de Margaret Mead. <https://www.biografiasyvidas.com/biografia/m/mead.htm>

Fai un resumo das similitudes e diferenzas entre as persoas adolescentes de Estados Unidos e de Samoa.



Margaret Mead

(Filadelfia, 1901 - Nueva York, 1978) Antropóloga norteamericana. Nacida en el seno de una familia de clase alta y de gran cultura, su padre era profesor de economía en la Universidad de Pennsylvania, y su madre era profesional de la psicología. Desde 1921 realizó estudios de psicología y de antropología en la Universidad Columbia de Nueva York, donde al final de su carrera fue contratada como profesora asociada. También estuvo muy vinculada al Museo Americano de Historia Natural.



PERSOAS ADULTAS

Actividade. Visita ao etnomuseo dos pobos indíxenas de Siberia.

- Mentres visitas o museo, busca tres obxectos que utilizan os homes e outros tres que utilizan as mulleres dos pobos indíxenas de Siberia e di para que se usa cada un.
- Explica por que consideraches que uns eran de uso masculino e outros de uso feminino.
- Cres que entre homes e mulleres intercambian o uso destes utensilios? • Que actividades desenvolven os homes e as mulleres? Na túa sociedade/ cultura ocorre o mesmo?
- Debuxa o utensilio que che pareza máis importante e explica por que.



Agosto MULLERES QUE DERON A VOLTA AO MUNDO

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Presentar ao alumnado unha bóla do mundo, comentar co alumnado se cren que as mulleres poden percorrello por mar, aire ou terra. A partir da choiva de respostas preparar un mural que pintaremos entre toda a clase con 3 espazos representando o mar, a terra e o ceo.

Dividimos ao alumnado en 3 grupos (mar, aire, terra). Previamente a titora ou titor preparará unha ficha na que se procuran mulleres aventureiras e cal foi o seu mérito indicando (mar, terra, aire) que se repartirá a cada alumno-a para completala na casa coa familia. Unha vez completada a ficha tráese á clase e colócase na parte do mural correspondente previa explicación (coas súas palabras) do logro da devandita muller.

NOTA: Segundo a franxa de idade, compíñanse as actividades en clase.

De 6 a 9 anos

Foro de opinión co alumnado sobre se existen mulleres aventureiras ou exploradoras e se coñecen a algunha. Mencionaremos como exemplo a Laura Dekker,



Laura Dekker

Foto: Unsplash (en commons)

Cristina García Espinola de Bito e Jeanne Baret.

Por grupos procuramos información sobre mulleres aventureiras en xeral.

Cada persoa elixe quen lle guste e enche unha ficha con: nome, apelidos, lugar de nacemento, a fazaña realizada e porque partes do mundo estivo.

Completadas as fichas, encadéñanse os traballos realizando un libro coas distintas achegas. O libro formará parte da biblioteca de aula.

NOTA: Os procesos de procura adaptanse á idade e aos distintos medios.

O equipo docente achegará biografías.

Poderán achegar biografías buscadas na casa.

De 9 a 12 anos

Actividade.

Agrupados en tres grupos mixtos, cada equipo buscará información na Internet sobre Cristina García Espinola de Bito, Jeanne Baret e Laura Dekker. Imprimirán algunha fotografía de cada unha delas.

Elaborarán tres murais (un por grupo) das tres, reflectindo a súa data de nacemento, os seus gustos ou afeccións que tiveron moito que ver coas xestas ou obxectivos que alcanzaron.

De 12 a 15 anos

Actividade.

En gran grupo, axudadas polo canón, proxectaremos a imaxe das tres mulleres. Escribiremos os seus nomes na pizarra e preguntaremos se sabe quen é cada unha. De non ser así, convidáremosles a buscar información na Internet sobre elas, así

como visualizar os vídeos que atopen. Só lles daremos unha pista: as tres mulleres son viaxeiras importantes no camiño de acadar o obxectivo que se propuxeron ao iniciar o seu reto.

De 15 a 18 anos

Actividade.

Crearase un bloque de aula onde o alumnado poida compartir as súas experiencias de viaxes.

Nel incluírán información das súas viaxes realizadas, porqué elixiron eses destinos, onde obtiveron información deses lugares, que foi o que máis lle chamou a atención dos lugares que visitaron.

Poden incluír fotos das súas viaxes e vídeos. Ademais engadírase información dos lugares de nacemento das tres mulleres que traballamos:

- Cristina García Espinola de Brito en Gran Canaria (Illas Canarias).
- Laura Dekker en Whangarei (Nova Zelandia).
- Jeanne Baret na Comelle (Francia).

Para o que buscarán información de medios de transporte, lugares interesantes a visitar, costumes, gastronomía etc, toda a información máis atractiva para motivar a visitar eses lugares.

PERSOAS ADULTAS

Previamente buscarán toda a información posible das mulleres que traballamos este mes.

Veremos o documental *Maidentrip* www.area-documental.com/player.php?titulo=Maidentrip

Actividade.

Farase un debate sobre os motivos que cren que impulsaron a estas mulleres a realizar estas fazañas.



Actividades propostas

Setembro ARQUEÓLOGAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade.

Construír en clase un recuncho de arqueoloxía, no que se vai deixando o material e información que vai traendo o alumnado das súas casas en relación á arqueoloxía: tesouros varios, un esqueleto, debuxos e fotos de arqueólogos e arqueólogas buscando ósos e utensilios que se utilizan en arqueoloxía (pa, escobilla, metro, caderno...)

De 6 a 9 anos

Actividade.

Ver o vídeo "Taller de Arqueología: Detectives del Pasado": <https://www.youtube.com/watch?v=i3joWTXc-c4>

Tras ver o vídeo, encher por grupos a seguinte táboa:

Que é a arqueoloxía?	
Que podemos descubrir?	
Que é unha excavación arqueolóxica?	
Calidades da arqueóloga ou arqueólogo	
Nomes de arqueólogos famosos	
Os seus principais descubrimentos	

De 9 a 12 anos

Actividade.

Por grupos buscarán unha arqueóloga relevante, realizan un power point sobre os seus achados arqueolóxicos. O grupo clase deberá elixir tres das arqueólogas propostas. Co fin de colaborar na visibilización destas mulleres, as achegas elixidas incluíranse na web "Arqueólogas e Historiadoras", publicando un pequeno texto sobre a figura destas, incluíndo opinións, propostas, pensamentos... O texto definitivo con imaxes remitírase ao correo arqueologasehistoriadoras11f@gmail.com para a súa posterior revisión e publicación na páxina.

De 12 a 15 anos

Actividade.

Elaborar unha guía de Museos Arqueolóxicos nacionais que desenvolvan programas e proxectos que tenten, non só visibilizar ás mulleres, senón fuxir das miradas androcéntricas que ocultan ás mulleres en calquera período da historia.

Un exemplo sería O MUSEO DE PREHISTORIA DE VALENCIA co proxecto FEMININO PLURAL https://www.researchgate.net/publication/307424437_FEMININO_PLURAL_EL_MUSEO_DE_PREHISTORIA_DE_VALENCIA

De 15 a 18 anos

Francisca Martín-Cano é unha apaixonada polos descubrimentos arqueolóxicos das representacións humanas exclusivamente femininas. Ao contrario que moitos historiadores e antropólogos, ela pon de manifesto que as mulleres prehistóricas ostentaban unha cultura matriarcal, na que o feminino ocupaba o lugar de honra.

Neste contexto, analizar co grupo a frase de Martín-Cano e establecer un debate con argumentos a favor e en contra.



PERSOAS ADULTAS

Actividade.

Visualizar a entrevista a MARGARITA SANCHEZ ROMERO: "ARQUEOLOGÍA, FEMINISMO, MUJERES Y GÉNERO"

<https://www.youtube.com/watch?v=8XJ8m-7hubc>

Tomando como modelo as preguntas realizadas polo xornalista preparar unha entrevista a un arqueólogo ou arqueóloga da localidade incluíndo termos como "feminismo", "igualdade" ou "arqueoloxía de xénero". Contrastaranse as respostas obtidas coas do vídeo e extraeranse conclusións.

Outubro REPORTEIRAS INTRÉPIDAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade.

En asemblea de clase, a mestra presenta ao grupo, a través de fotografías, a Molly Ferryll, fotógrafa, escritora e documentalista especializada no medio ambiente, cultura e viaxes. Fállalles da súa biografía e de como esta muller ten un gran prestixio polo seu traballo arredor do mundo. Tras a súa presentación e debate, as nenas e nenos debúxana como a imaxinan, pegando as súas representacións nun panel de papel continuo onde está a fotografía desta muller co seu nome decorado.

De 6 a 9 anos

Actividade.

En asemblea de clase, a mestra pide que en pequenos grupos, se busque información sobre Gerda Taro, primeira muller fotoxornalista que cubriu unha fronte de guerra. Realizada a pequena investigación, analizarase a súa biografía e traballo e realizarase un mural de clase no que xunto ás fotografías realizadas por ela, cada alumno e alumna exprese cun adxectivo o que sentiu ao coñecerla (p.e: valente, audaz, intrépida...)

De 9 a 12 anos

Actividade.

Preséntase en clase a "Emilia Serrano, baronesa de Wilson, a gran viaxeira" a través do documental emitido en 2015 por RTVE. No documental amósase a viaxe desta muller, escritora, pioneira, por todo o continente americano. Tras o documental organizamos un debate comparando historicamente como evolucionou o rol xornalístico da muller, que dificultades atopaba no pasado e que dificultades atopa hoxe.

De 12 a 15 anos

Actividade. "Unha fotografía, unha historia que contar"

A sesión terá lugar na aula de Informática. Poremos no encerado a seguinte ligazón: <http://www.kellienetherwoodphotography.com/>

O alumnado porá no buscador a devandita ligazón e entrará na páxina web. Visualizaremos as distintas fotografías da reporteira gráfica australiana Kellie Netherwood. Pedirémolles que procuren información sobre a reporteira e que seleccionen e garden a fotografía que máis lles gustou. Na seguinte sesión traeremos impresas cada fotografía e repartirémolas entre o grupo-clase. De xeito persoal



Gerda Taro
Foto: David Seymour (dominio público)

e deixando voar á súa imaxinación deberán escribir un relato sobre o que pode representar esa imaxe. O relato terá como máximo unha extensión dun folio. Na seguinte sesión leremos cada historia e faremos unha posta en común.

De 15 a 18 anos

Actividade. "Mulleres na fronte"

Traballaremos en clase co alumnado o artigo "Mujeres en el frente: un homenaje a 23 reporteras de guerra" publicado en *El País*, o ligazón é: <https://smoda.elpais.com/feminismo/mujeres-corresponsales-reporteras-guerra-historial> Entre elas atópanse: Gerda Taro, Marie Colvin ou Marta Gellhorn. Cada alumno e cada alumna centrarase en analizar a información dunha das reporteiros.



Novembro AVENTUREIRAS



INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade. "Explorando o mundo en zapatillas" Rosie Swale Pope.

Materiais: material de debuxo (depende da técnica usada), encerado dixital.

Metodoloxía: Organizaremos a actividade en diferentes momentos e agrupamentos.

Momento 1. Traballaremos conxuntamente en asemblea o bonito e necesario que é coñecer os diferentes países e culturas que compoñen o noso planeta terra. A idea é xerar inquedanza entre os nenos e as nenas para que poidan entender que para coñecer ben algunha cousa é importante experimental.

Preguntaremos se realizaron algunha viaxe recente e a que máis lles gustou.

Momento 2. Neste momento, individualmente pediremos aos nenos e nenas da nosa aula que realicen un debuxo (con diferentes técnicas) sobre esa viaxe que realizaron e que decidiron que para eles e elas foi a mellor.

Momento 3. Volveremos a reunirmos en asemblea para que expoñan un a un (alumnos e alumnas) porqué elixiron esa viaxe e pediremos que ao día seguinte pensen un novo destino para poder seguir "viaxando".

Momento 4. En asemblea a mestra ou o mestre fállalles de Rosie Swale Pope, unha sexaxenaria inglesa que deu a volta ao mundo correndo para concienciar á poboación sobre o cancro de próstata, enfermidade que segou a vida do seu home, e, ademais, recadou fondos para organizacións benéficas en Rusia, Nepal e Estados Unidos. Rosie empezou a súa aventura en 2003, o ano de enviuvir e percorreu máis 32.000 quilómetros. Malia sufrir dúas fracturas por fatiga e ter que ser rescatada pola policía de Alaska, tras sufrir a cancelación dun dedo do pé, non se rendeu chegando ao final do seu percorrido.

Momento 5. Por último, pediremos aos nenos e nenas que fagan un retrato de Rosie Swale Pope, en pequenos grupos de tres ou por parellas e máis tarde descubriremos se hai algún parecido con ela, buscando información real na Internet.



De 6 a 9 anos

Actividade. "Coñecendo a Isabella Bird"

Materiais: Ordenador, folios, bolígrafo, lápices de cores, rotuladores

Metodoloxía: Individualmente leremos a biografía resumida de Isabella Bird que nos dará a mestra. En rolda de intervencións diremos que lugar do mundo dos que ela foi nos gustaría visitar, argumentando porque.

Por parellas, nun mapamundi do computador trazaremos a ruta de viaxes que apareza na lectura. Posteriormente, trasladarémosla a un mapa do mundo en formato papel. Marcaremos as viaxes con rotulador e pintaremos os países con lapis de cores. Finalmente expoñerémolos nun espazo común do colexio.

De 9 a 12 ANOS

Actividade. "Viva a aventura!"

Materiais: Mural das mulleres aventureiras.

Metodoloxía: Cada grupo expón o seu mural da actividade anterior para poñer en común a biografía das mulleres aventureiras. A continuación, centrámonos nos problemas que tiveron as mulleres aventureiras polo feito de ser en mulleres e realizarase un debate sobre a igualdade entre mulleres e homes neste ámbito, propoñendo as seguintes preguntas:

- Por que credes que ao longo da historia houbo moitos máis homes aventureiros que mulleres?
- Por que as mulleres aventureiras tiñan tantos problemas para realizaren as súas viaxes?
- Credes que actualmente as mulleres e os homes teñen as mesmas facilidades e condicións cando realizan viaxes de aventura?

De 12 a 15 anos

Actividade. "Viaxar fainos máis grandes"

Materiais: computador, proxector, explorador, altifalantes, documental RTVE: La muchacha del oeste. Adxúntase na seguinte ligazón: <http://www.rtve.es/alacarta/videos/mujeres-viajeras/mujeres-viajeras-isabella-bird-muchacha-del-oeste/4536796/>

Metodoloxía: a profesora preguntará no grupo cantas persoas foron de viaxe no último ano. O alumnado comentará o motivo da viaxe. Acto seguido explicarase que antigamente non era tan accesible viaxar, e que poucas mulleres viaxaban, pero algunhas das que si o fixeron, pasaron á historia. É o caso de Isabella Bird. Proxectarase o documental na aula e despois farase un coloquio reflexionando sobre a importancia de viaxar como feito cultural enriquecedor.

De 15 a 18 anos

Actividade. Visualizar o documental de TVE sobre Marga d'Andurain: <https://www.youtube.com/watch?v=53aBoMApCv8>

En grupos, seleccionar os 3 ou 4 aspectos que máis lles chamaron a atención:

- Cada alumna/o, individualmente, selecciona os 3 ou 4 aspectos que lle pareceron máis interesantes
- Por parellas, poñer en común os aspectos que seleccionaron individualmente e elixir unicamente 3 ou 4 de entre todas.
- Realizar a mesma operación entre todas persoas do grupo. De cada grupo seleccionar 3 ou 4 aspectos relevantes.



PERSOAS ADULTAS

Actividade. "Como son un tanto curiosa, quero velo todo"

Materiais: Internet, pantalla, computador, material funxible...

Metodoloxía: Exerxia, a primeira aventureira da Península Ibérica definiase a si mesma da seguinte maneira "Como son un tanto curiosa, quero velo todo". Seguindo o seu exemplo e movidos pola curiosidade, en grupos de 3 ou 4 persoas, investigade sobre outras mulleres viaxeiras, aventureiras e exploradoras, poden ser as que aparecen no mes de novembro do noso calendario ou outras, de todas as épocas e lugares. E unha vez recompilada toda a información, realízase un dossier con todas as mulleres atopadas e conservádeo na biblioteca do centro para que outros grupos-clase poidan consultalo.

Decembro VIAXEIRAS CURIOSAS

INFANTIL

De 3 a 6 anos

Actividade. Que sitio queres coñecer?

Esta dinámica parte da curiosidade do alumnado. Na clase preguntaremos: Hai algunha zona do cole ou da contorna que non coñezas e queres explorar, algún sitio que nunca foses e ao que che gustaría ir?

A partir das súas respostas fanse grupos (expedicións), prepárase a expedición (o que hai que levar, se a alguén nos dá medo, como resolver...) e decídese un momento para facelo.

De 6 a 9 anos

Actividade. Viaxa coa imaxinación.

Visualización guiada.

Dispónse a todo o alumnado nun ambiente tranquilo, tombados no chan, relaxados e váiselles guiando coa voz a que, coa imaxinación, se metan dentro dunha burbulla voadora que lles levará ao sitio que cadaquén queira coñecer. Vaise convidando a que descubran o sitio onde chegaron coa imaxinación, como é, a que ule, os detalles, como senten, como son os seus habitantes, etc.

Para finalizar convidaselles a despedirse e que vaian espertando. Pódese comentar en grupo as experiencias de cada alumno e alumna, como se sentiron, etc. Posteriormente podes plasmar o que sentiches nunha frase, escribiu nun papel de 6x20 cm e convertelo nun marca-páxinas. Para conseguir frases viaxeiras podes inspirarte nas mulleres que saen no calendario.

De 9 a 12 anos

Actividade. Gañar o Guinness por viaxar.

Sabes que existe un premio Guinness por visitar todas as nacións soberanas no menor tempo?

Averigua quen o conseguiu en el 2017 o que e fixo para facelo (*Sí, é unha muller; e esta tolemia chamouse "Expedition 196"*)

Cassie De Pecol, de Connecticut (Estados Unidos), é a primeira muller e a máis xove en acadar un Récord Guinness moi viaxeiro: visitou todos os países do mundo en moi pouco tempo. O seu roteiro arredor do mundo durou exactamente un ano e 193 días, do 24 de xullo de 2015 ao 2 de febreiro de 2017.

<https://youtu.be/zTtQrAHVFM>



De 12 a 15 anos

Actividade.

Cinefórum Carmen de Burgos

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/mujeres-viajeras/mujeres-viajeras-carmen-burgos-soldado-colombine/4526012/>

Carmen de Burgos y Seguí (Almería, 1867 - Madrid, 1932) foi unha xornalista, escritora, tradutora e activista dos dereitos da muller española. Pertencente á xeración do 98 considérasele a primeira muller xornalista profesional en España en lingua castelá.

De 15 a 18 anos

Actividade. Imos coñecer á blogueira se viaxes Gloria Atanmo (en inglés)

Entra no seu blogue <http://theblogabroad.com/>, mira a súas viaxes, as súas experiencias, descúbrea nas súas entrevistas (<http://theblogabroad.com/publications/>), etc.

E, por grupos, comentar:

Que é o que máis che chama a atención de Gloria? Que viaxe che daría medo facer? Que envexas dela ? ¿Con que non estarías de acordo das cousas que comparte? Con que si? ¿Con que consello dos que dá te quedarías?

PERSOAS ADULTAS

Actividade. DEBATE: Viaxar soa é o mesmo que viaxar só?

Diferenzas, recomendacións, cousas a ter en conta. Pódemos servir de guía os seguintes enderezos: <https://inteligenciaviagera.com/viajar-sola-consejos-mujeres-viajeras/> <http://viajalavida.com/mujeres-viajeras-las-mas-valientes/> <https://www.skyscanner.es/noticias/13-consejos-para-mujeres-viajeras>

